



INFORMA

Resolución do 29 de maio de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se abre o prazo para que determinado colectivo de persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do Sergas solicite o recoñecemento do grao II de desenvolvemento profesional.

De conformidade co Decreto 155/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, do 13 de xuño), determinado colectivo de persoal estatutario pertencente ás categorías sanitarias de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios poderá acceder ao grao II con efectos do 1 de xullo de 2006.

Consonte ao referido Decreto corresponde a este centro directivo ditar a resolución de apertura do prazo para a presentación de solicitudes.

En uso de dita facultade esta División

RESOLVE

Primeiro.- Obxecto

De conformidade coa secuencia temporal establecida no artigo 9 punto a) do Decreto 155/2005, do 9 de xuño, esta resolución ten por obxecto abrir o prazo para a presentación de solicitudes para o acceso ao grao II de desenvolvemento profesional.

Segundo.- Ámbito de aplicación e requisitos

Poderá solicitar o recoñecemento do grao II o persoal estatutario pertencente ás categorías sanitarias de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios, fixo e con praza en propiedade nas institucións sanitarias do Sergas obtida con anterioridade aos procesos convocados en

execución da Lei 16/2001, do 21 de novembro, que teña acreditado os requisitos para acceder ao grao I establecidos na resolución do 13 de xuño de 2005 (DOG nº 113, do 14 de xuño) e cumpra ou estea en condicións de cumprir dentro do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

a) Ter a condición de persoal estatutario fixo da correspondente categoría ou especialidade, con praza en propiedade nas institucións sanitarias do Sergas.

b) Ter prestados alomenos 12 anos de servizos na mesma categoría ou especialidade no réxime estatutario. A estes efectos computaranse os servizos, previos á resolución de integración no réxime estatutario, prestados baixo outro réxime xurídico. Este requisito acreditarase mediante certificación de servizos prestados emitida polo centro correspondente.

c) Estar en situación de activo ou asimilada, de conformidade co establecido na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco, acreditada mediante a certificación á que se fixo referencia no punto b) anterior.

d) Ter participado, nos cinco exercicios inmediatamente anteriores á data da solicitude, nos obxectivos asistenciais, reflectidos nos programas especiais do complemento de produtividade variable da institución do Sergas na que estivese prestando servizos, e acreditar o seu cumprimento nun 70% en cada un dos cinco exercicios ou nun 75% de promedio nos ditos exercicios, sen prexuízo do establecido na disposición terceira. Dita acreditación realizarase mediante certificación do director xerente do centro de que se trate de conformidade coa avaliación efectuada por este concepto.

Terceiro.- Excepcións en situacións especiais

Quedan exceptuados da acreditación do requisito ao que se refire o apartado d) da disposición segunda os períodos de tempo nos que o persoal

permanecese nalgunha das seguintes situacións:

a) Situación de excedencia forzosa a que se refiren os artigos 11.1 e 11.3 e 13 do derogado Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.

b) Situación de excedencia especial en activo a que se refire o artigo 13 do derogado Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.

c) Situación de servizos especiais a que se refire o artigo 64 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

d) Os períodos de desfrute de permisos sindicais.

e) Excedencia por coidado de familiares.

f) Licenza por maternidade, incapacidade temporal e comisión de servizos.

Cando por razóns da organización do traballo establecida, un profesional non puidese acreditar a súa participación nos programas de obxectivos do complemento de produtividade variable, quedará exonerado do requisito a que se refire o parágrafo d) da disposición segunda desta resolución. Nestes supostos o xerente do centro emitirá certificación acreditativa deste extremo, así como informe detallado da participación do profesional nos resultados da actividade do centro conforme se estableza nas condicións da avaliación.

Cuarto.- Prazo de presentación de solicitudes

Cada participante deberá cubrir unha única solicitude axustándose

necesariamente ao modelo que figura como anexo desta resolución.

O profesional deberá presentar a solicitude a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, advertindo que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder da administración e expedindo copia para o interesado. A solicitude deberá dirixirse á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas e presentarse no prazo que se inicia o día seguinte da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e finaliza o 30 de xuño de 2006.

O modelo de solicitude está publicado na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2006.

**O Director Xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional**

Antonio José Fernández Paniagua



I N F O R M A

ANEXO

SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO GRAO II DA CARREIRA PROFESIONAL DE LICENCIADOS SANITARIOS (Artigo 9 punto a) do Decreto 155/2005, do 9 de xuño)

DATOS PERSOAIS	
Apelidos e nome:	Código numérico persoal:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:
Data de nacemento:	
DATOS PROFESIONAIS	
Categoría / Especialidade:	
Centro (destino actual):	
Situación administrativa:	Activo ou asimilada <input type="checkbox"/>
	Outras <input type="checkbox"/> Especifique cal:

EXPÓN:

Que tendo a condición de persoal estatutario fixo da referida categoría/especialidade, reúne os requisitos establecidos na Resolución do 29 de maio de 2006 para o acceso ao grao II, segundo a documentación que se relaciona:

- Certificado de servizos prestados e de condición de activo ou asimilado
- Certificado de obxectivos nos derradeiros 5 anos
- Outras certificacións

SOLICITA:

O recoñecemento do **Grao II** de carreira profesional no réxime extraordinario de desenvolvemento profesional do Sergas.

En a de de 2006

Sinatura:

Selo
